



**Concello de Cangas**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
REALIZADA O DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2016**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 15 de febreiro de 2016

HORA DE COMEZO: 19:10 h.

HORA DE REMATE: 19:50 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTE: D. Héitor Mera Herbello.

SUPLENTE: D<sup>a</sup> Lourdes Rial Pardo.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR  
REALIZADA O DÍA 1 DE FEBREIRO DE 2016**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 1 de febreiro de 2016.

**OBRAS E SERVIZOS**

**2º.- SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA**

2.A) SOLICITUDE DE G. P. C.

Vista a solicitude presentada o día 09.02.2016 por G. P. C., na que reclama autorización municipal para colocación de toldo na fachada do local que rexenta sito na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 4-Cangas.



## Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda comunicarlle á Sra. P. C. que deberá identificar o establecemento que rexenta para poder obter autorización preceptiva para a instalación de toldo en vía pública, así como, dos requisitos que deberá cumprir a referida instalación, que son os seguintes:

Así mesmo, de ser o caso, deberá solicitar a correspondente ocupación de vía pública coa instalación de mesas e cadeiras no referido lugar.

A N E X O:

### CONDICIÓN DE INSTALACIÓN EN VÍA PÚBLICA

L) En caso de instalar parasoles, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasoles unha altura mínima de 2,20 metros sobre a vía pública, debendo recollelo, por seguridade, en días de mal tempo para non molestar aos peóns.

## **URBANISMO E PATRIMONIO**

### **3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 11 DE FEBREIRO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

#### **3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advirtéselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:



## Concello de Cangas

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fixéanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ao outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ao concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ao outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ao concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen



## Concello de Cangas

na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a **SUSPENSIÓN INMEDIATA** das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXEDIENTE N° 24.455.- LICENZA MUNICIPAL N° 23.371.- A P. A. D., apróbaselle o proxecto de modificado de básico e de execución do arquitecto D. V. F., visado con data 19 de xaneiro de 2016, quedando as seguintes superficies construídas: 99,00 m<sup>2</sup>., de semisoto, 124,87 m<sup>2</sup>., de planta baixa, 102,35 m<sup>2</sup>., de primeiro andar, 75,35 m<sup>2</sup>., de terrazas, 14,04 m<sup>2</sup>., de cerramento e 31,50 m<sup>2</sup>., de piscina.

EXEDIENTE N° 22.540.- LICENZA MUNICIPAL N° 22.545.- A J. B. S., modifícaselle a referida licenza no sentido en que as superficies construídas son as seguintes: 111,59 m<sup>2</sup>., de planta semisoto, 89,63 m<sup>2</sup>., de planta baixa, 22,08 m<sup>2</sup>., de porche, 85,13 m<sup>2</sup>., de planta primeira e 4,41 m<sup>2</sup>., de porche.

### 2.A.2) LICENZAS MUNICIPAIS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE N° 24.068.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR JOSÉ PIÑAL GODAS

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 5 de febreiro de 2016, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a J. P. G., para reforma e ampliación de vivenda, sita en Lagar-O Igrexario, n° 19-O Hío, construída ao abeiro da licenza municipal N° 23.124.

b) Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

### 3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu



## Concello de Cangas

caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advirtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características construtivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXEDIENTE N° 25.407.- LICENZA MUNICIPAL N° 24.624.- A J. B. B., modifícaselle a referida licenza no sentido en que tamén se autoriza a legalización de apertura de oco en cerramento, rampla de acceso e cerramento a lindeiros.

## **4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

### OBRAS

EXPEDIENTE N° 25.720.- COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIFICIO ALBINO RÍOS, limpeza de cuberta e fachadas en Estrada de Bueu, nº 13-Aldán.

EXPEDIENTE N° 25.784.- J. M. N. P., pérgola e cerramento en Xoán Piñeiro, nº 3-Nerga-O Hío.

EXPEDIENTE N° 25.819.- A. B. C., cerramento en Souto - San Pedro.



## Concello de Cangas

EXPEDIENTE N° 25.821.- M. E. E., insonorización e encapsulamento máquina na Avda. de Ourense, n° 16-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.823.- A. B. B., reparación cuberta en Chamiceira-O Hío.

EXPEDIENTE N° 25.825.- A. C. S., acondicionamento local para ximnasio, na Avda. de Vigo, n° 136-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.927.- R. P. O., desmontaxe de portal e demolición parcial de cerramento en Liméns, n° 53-O Hío.

EXPEDIENTE N° 25.828.- F. J. L. P., substitución de plaqueta en rúa Alcalde Pancho Eiroa-Cangas.

### ACTIVIDADES

EXPEDIENTE N° 1.617.- FONPORT SL, óptica na Avda. Eugenio Sequeiros, n° 1-Cangas.

EXPEDIENTE N° 1.749.- F. B. G. B., bar en Praza do Arco, n° 7-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE N° 1.827.- IGLESIAS SALUD SLU, ortopedia na Avda. Méndez Núñez, n° 30-Cangas.

EXPEDIENTE N° 1.8 95.- TAPERÍA KACTUS CB, cambio titularidade bar-tapería na Avda. Montero Ríos, n° 7-Cangas.

## **5° .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA**

### 5.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA N° 3/2015-S

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 10.02.2016, referente ao expediente de infracción urbanística n° 3/2015-S, que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*EXPEDIENTE N° 3/2015-S*

*Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar da Rosada-Coiro, consistentes en: construción de un alpendre de 16,00 m2., sobre pilares e viguetas de formigón cuberta de fibrocemento, tendo xa con anterioridade esgotada a superficie máxima para edificacións adxectivas e arrimado a lindeiro.*



## Concello de Cangas

*Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 9 de setembro do 2015 a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas, Ordenanza de aplicación SNUN-SNUA: no respetan recuados a lindeiros.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, A. S. M., promotor.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden seren constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 217.3 da mesma norma.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.I.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.*

*Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime local.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da*



## Concello de Cangas

*Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.*

*CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.*

*QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.*

*SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propongan probas concretando os medios de que pretende valerse.*

*SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.*

*OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da/o Alcaldía/instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 3/2015-S.

### **6º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO S/CESIÓN TEMPORAL DE PREDIOS AO CONCELLO DE CANGAS**

Dáse conta de sinatura en data 02..02.2016 de convenio entre o Concello de Cangas e F. J. B. R., en materia de cesión temporal de predios ao Concello de Cangas, e que é como segue:





## Concello de Cangas

### *“CONVENIO DE CESIÓN TEMPORAL DE PREDIOS AO CONCELLO DE CANGAS*

*Na Casa do Concello de Cangas, a dous de febreiro de dous mil dezaseis*

#### *COMPARECEN*

*Dunha parte:*

*D. Xosé Manuel Pazos Varela, alcalde do Concello de Cangas de Morrazo, actuando no seu nome e representación, de conformidade co disposto no artigo 21.1 letra b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

*Doutra parte:*

*D. F. J. B. R., en nome e representación propia.*

*Ambas partes recoñecen mutuamente capacidade legal para obrigarse e formalizar o presente contrato.*

#### *ACORDAN*

*Establecer o presente convenio para regular o uso en precario por parte do Concello de Cangas do predio sito en Cangas, que resulta identificado co número P-13 no deseño achegado a este convenio, ao atoparse na Unidade de Actuación n° 5, Polígono 1 das Normas Subsidiarias de Planeamento Urbanístico do Concello.*

*O predio a ocupar é parte das que a continuación se relacionan descritas no proxecto de compensación da UA 5-1 anulado por sentenza xudicial:*

- a) Predio inscrito no Rexistro da Propiedade de Cangas ó tomo 471, libro 48, folio 13, predio 3.304, adquirido por compra a D. T. B. S. en escritura pública de data 26.09.2000, perante o notario, José del Cerro Peñalver, número do seu protocolo 1.762.*
- b) Predio correspondente ca metade indivisa do predio inscrita no Rexistro da Propiedade de Cangas n° 3.934, ó folio 194 do tomo 1492, libro 209, adquirido por compra a J. B. R. en data 18.12.1984, mediante escritura pública outorgada perante o notario Rafael Sanmartín Losada, n° do seu protocolo 1.984.*



## **Concello de Cangas**

*A parte desta parcela que se atopa dentro do ámbito do Polígono 1 da unidade de Actuación 5 das Normas Subsidiarias e que é obxecto deste convenio e a porción descrita do seguinte xeito:*

*'Parcela de catrocentos once metros cuadrados. Linda: Norte, resto da finca matriz, Sur, rúa peonil de nova apertura, Este, rúa de nova apertura, Oeste, E. e P. F. P.'*

*O proxecto de compensación no que se relacionan estes predios, como predios iniciais, foi anulado por sentenza xudicial de data 28 de setembro de 2010, ditada no PO 328/2008 polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra e confirmada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ao desestimar os recursos de apelación presentados a esta o 5 de maio de 2011 (recurso de apelación 4051/2011).*

*O Plan Especial de Reforma interior do ámbito tamén foi anulado por sentenza xudicial nº 44/2010 de 22.04.2010 ditada no PO 4208/2007. O Tribunal Supremo inadmitiu o recurso de casación interposto por auto de 24 de febreiro de 2011.*

*O convenio desenvolverase de conformidade coas seguintes:*

### **CLÁUSULAS**

*PRIMEIRA.- Don F. J. B. R., actuando no seu propio nome e representación, autoriza a cesión de uso da parcela descrita nos antecedentes deste convenio, en precario, gratuíta e temporalmente ao Concello de Cangas, co fin exclusivo de que estas poidan seren destinadas polo Concello, durante o período comprendido entre a data de sinatura do convenio e o momento en que se acorde deixar sen efecto este convenio, para os efectos de mellorar as posibilidades de aparcamento na zona.*

*Calquera outra utilización diferente á sinalada, deberá ser autorizada polo propietario dos terreos.*

*A cesión de uso comezará o día da data na que se formalice este convenio e finalizará cando as partes o estimen oportuno, durante este período de tempo, o Concello de Cangas se compromete a manter os predios nas axeitadas condicións de conservación e seguridade.*

*SEGUNDO.- O Concello de Cangas asumirá os gastos que xere a utilización do inmovible cedido en precario para as fins indicadas na cláusula primeira, sen poder en ningún caso repercutilos ao propietario dos terreos.*



## Concello de Cangas

*TERCEIRO.- O Concello de Cangas queda obrigado á conservación dilixente dos espazos do inmovible cedido, asumindo as responsabilidades patrimoniais demostradas, derivadas da actividade obxecto da cesión de uso, eximindo a F. J. B. R. de responsabilidade algunha derivada de tal uso.*

*Este apartado non se aplicará no caso de que as deterioracións que sobreveñan ao inmovible polo só efecto do uso e sen culpa da entidade beneficiaria ou polo acaecemento dun caso fortuíto. O Concello non será responsable en ningún caso de calquera prexuízo que por razón da cesión que efectúa o Sr. F. J. B. R. se puidese ocasionar para as persoas ou entidades que teñan ou puidesen ter dereitos de calquera natureza sobre o predio obxecto de cesión.*

*CUARTO.- O cesamento da cesión en precario poderá producirse:*

- a) Por mutuo acordo entre as partes.*
- b) Por renuncia do Concello de Cangas ou por falta de utilización efectiva dos espazos cedidos.*
- c) Por decisión unilateral, do cedente ou do Concello de Cangas.*
- d) Pola realización permanente ou exclusiva de actividades ou servizos non contemplados ou que contraveñan o presente convenio.*
- e) Por necesidade suficientemente motivada de uso do inmovible para a prestación doutros servizos que o requiran, debendo requirirse previamente ao Concello cunha antelación mínima de unha semana.*

*Unha vez resolto ou extinguido o acordo de cesión de uso, o Concello deberá reintegrar ó Sr. F. J. B. R. o uso do espazo cedido no tempo máximo de 15 días naturais, estando obrigado a repoñer ao seu estado anterior os danos que puidesen ocasionarse no terreo e a retirar todo o material que se utilice durante a ocupación, de maneira que, no momento da devolución, o terreo se atope no mesmo estado anterior á cesión. En caso contrario o Concello será responsable dos danos e prexuízos que poida ocasionar a demora.*

*QUINTO.- F. J. B. R. poderán exercer en calquera momento a potestade de inspección do predio cedida. Se do seu exercicio derivase a comprobación de incumprimentos por parte do Concello das cláusulas deste convenio, poderá esixir o seu cumprimento ou revogar a cesión ou autorización de uso.*

*En proba de conformidade, asinan as partes o presente convenio por duplicado, en Cangas, a 2 de febreiro de 2016."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:



## Concello de Cangas

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura o día 2 de febreiro de 2016 de convenio entre o Concello de Cangas e F. J. B. R., en materia de cesión temporal de predios ao Concello de Cangas.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia aos departamentos de Urbanismo e Intervención.

### **FACENDA**

#### **7º .- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

##### **7.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
A. C. R.	FIANZA	1.057,78 €	EXPEDIENTE Nº 24.303

##### **7.B) CORRECCIÓN DE ERRO S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

Dáse conta do escrito presentado por CONSULTORA GALEGA SL, en data 18 de xaneiro de 2016, polo que se advirte da existencia dun erro nun dos avais devoltos á citada empresa por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de decembro de 2015.

Conforme co establecido no artigo 105 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común, procédese á corrección de oficio do sinalado erro, de maneira que onde di:

*'Polo Concello de Cangas procederase á devolución das seguintes garantías depositadas na tesourería municipal: aval bancario de Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra (Caixanova) por importe de nove mil setecentos noventa e seis euros (9.796,00 €); **aval bancario de Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra (Caixanova) do 11 de agosto de 2009, por***



## Concello de Cangas

*importe de cinco mil oitenta e oito euros (5.088,00 €); aval bancario de Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra (Caixanova) do 10 de decembro de 2010 por importe de mil cincocentos vinte e dous euros con corenta e oito céntimos (1.522,48 €) e aval bancario de Novagalicia Banco de data 17 de xullo de 2012 por importe de oitocentos corenta euros (840,00 €).*

Debe dicir:

*"Polo Concello de Cangas procederáse á devolución das seguintes garantías depositadas na tesourería municipal: Aval bancario de Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra (Caixanova) por importe de nove mil setecentos noventa e seis euros (9.796,00 €); **aval bancario de Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra (Caixanova) do 28 de agosto de 2009, por importe de catro mil seiscentos oito euros (4.608,00 €);** aval bancario de Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra (Caixanova) do 10 de decembro de 2010 por importe de mil cincocentos vinte e dous euros con corenta e oito céntimos (1.522,48 €) e aval bancario de Novagalicia Banco de data 17 de xullo de 2012 por importe de oitocentos corenta euros (840,00 €).*

## **8º .- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS**

8.A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SENTENZA Nº 19/2016 DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 392/2014

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 11.02.2016 referente a sentenza nº 19/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 392/2014, promovida por E. M. V. A., que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA Nº 19/2016 DITADA O DÍA 02.02.2016 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 392/2014 (X-14/28)*

*Vista a sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no procedemento abreviado nº 392/2014, instruído a instancia de dona E. M. V. A. en reclamación de responsabilidade patrimonial contra o Concello de Cangas.*

*Visto o fallo da referida sentenza cuxo tenor literal é o seguinte:*



## Concello de Cangas

*"Desestimo o recurso contencioso administrativo seguido perante este xulgado como **Proceso Abreviado n° 392/2014** a instancia de E. M. V. A. fronte ao Concello de Cangas contra a desestimación presunta, por silencio, polo dito Concello da súa reclamación en concepto de responsabilidade patrimonial, formulada por escrito de 18.06.2013 en solicitude dunha indemnización polos danos e perdas sufridos por ela o día 07.07.2012 con motivo dunha caída que padeceu nun paso de peóns sito na zona que vai desde a Alameda ao Concello, ao introducir un pé nun burato sito no centro do dito paso de peóns. Declaro dita resolución conforme a dereito, sen pronunciamento en materia de costas. Esta sentenza é firme pois fronte a ela non cabe recurso ordinario ningún".*

*Polo exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

### ACORDO

*Primeiro.- Tomar coñecemento da sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo n° 3 de Pontevedra no procedemento abreviado n° 392/2014, instruído a instancia de dona E. M. V. A., en reclamación de responsabilidade patrimonial contra o Concello de Cangas.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo ao departamento municipal de Apoio Xurídico".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza n° 19/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n° 3 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado n° 392/2014, promovida por E. M. V. A.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Apoio Xurídico.

8.B) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SENTENZA N° 13/2016 DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N° 1 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO N° 45/2015



## Concello de Cangas

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 11.02.2016 referente a sentenza nº 13/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 45/2015, promovida por Fátima Martín Quinteiro, que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A SENTENZA Nº 13/2016 DITADA O DÍA 28.01.2016 POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 45/2015 (X-15/04)*

*Visto a sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no procedemento abreviado nº 45/2015, instruído a instancia de dona F. M. Q. en reclamación cantidade contra o Concello de Cangas.*

*Visto que a dita sentenza reconece o dereito da recorrente ao aboamento da débeda contraída polo Concello de Cangas que ascende a douscentos noventa e seis euros con sesenta e cinco céntimos (296,65 €) maillos xuros legais que correspondan, e todo iso con imposición de custas á parte demandada cun límite de 200 euros (gastos de defensa e representación).*

*Polo exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

**ACORDO**

*Primeiro.- Tomar coñecemento da sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no procedemento abreviado nº 45/2015, instruído a instancia de dona F. M. Q., en reclamación de cantidade contra o Concello de Cangas.*

*Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de douscentos noventa e seis euros con sesenta e cinco céntimos (296,65 €) en concepto de principal, a favor de dona F. M. Q., con cargo á aplicación 172.22106 do vixente orzamento de gastos.*

*Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención para os efectos de dar cumprimento á sentenza."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento da sentenza nº 13/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 45/2015, promovida por Fátima Martín Quinteiro.



## Concello de Cangas

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención.

8.C) DACIÓN DE CONTA DE RECURSO APELACIÓN Nº 4026/15.- SENTENZA Nº 716/2015 DITADA POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, queda informada dos seguintes datos:

PO 223/2013 - RECURSO APELACIÓN 4026/15 - SENTENZA 716/2015 DITADA POLO T. S. X. GALICIA CON/AD SEC. 2

- A persoa recorrente: J. M. D. Á.

- Contido: Inadmisión da apelación formulada pola representación legal de D. J. M. D. Á. contra sentenza número 160/14, de 6 de outubro, ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo, nº 1 de Pontevedra e pola que se desestimou o seu recurso contencioso administrativo contra Resolución de 10 de xuño de 2013, adoptada pola Xunta de Goberno Local, pola que se arquivou a súa solicitude de declaración de inmersión na situación de fóra de ordenación da vivenda.

- Non cabe interpoñer recurso contra a presente Sentenza.

## **9º.- APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DO II PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS DE SERVIZOS MUNICIPAIS (PAM-2015) DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA**

Dáse conta de proposta do día 11.02.2016 da Alcaldía, referente a aprobación de conta xustificativa do II PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (PAM-2015) da Deputación Provincial de Pontevedra, que é como segue:

### "Proposta

*Con relación á subvención concedida a este Concello, ao abeiro das bases reguladoras da concesión de axudas e subvención para a execución do II PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS-2015, publicadas no BOP de data do 28/09/2015 e ao acordo da Xunta de Goberno Local de Deputación Provincial de Pontevedra de data do 9 de outubro*





## Concello de Cangas

de 2015, polo importe total de sesenta e seis mil cento setenta e seis euros con vinte e catro céntimos (66.176,24 €) para a contratación de 34 traballadores, cun máximo tempo de contratación ata o 31 de decembro de 2015 e de conformidade coa documentación que consta no expediente e co informe do departamento de Persoal do Concello, propónse á Xunta de Goberno Local:

\* A aprobación da conta xustificativa do II PLAN PROVINCIAL EMPREGO 2015, polo importe total de sesenta e dous mil seiscentos trinta e oito euros con doce céntimos (62.638,12 €), correspondendo 47.088,00 € a salarios brutos e 15.550,12 € á Seguridade Social, pola contratación de 34 persoas que iniciaron os servizos o día 3 de novembro de 2015 e remataron o 31 de decembro de 2015, de conformidade co seguinte:

### PEÓNS VARREDORES (6)

NOME E APELIDOS	DNI	SALARIO BRUTO	SEG. SOCIAL	TOTAL
A. C. N.	78737865X	1421,39	465,51	1886,9
P. G. G. (Causa baixa o 23/11/15 por non superar o período de proba)	36160811G	323,84	170,99	494,83
M. Ni. G. R. Baixa IT 05/12/2015 ata 31/12/2015)	35293532D	1260,32	496,15	1.756,47
C. J. P.	35307426B	1421,39	465,51	1886,9
D. M. L. Baixa IT 16/12/2015 ata 31/12/2015)	35292283W	1468,69	465,51	1934,20
C. S. A.	36057269P	1421,39	465,51	1886,9

### PEÓN ELECTRICISTA (1)

NOME E APELIDOS	DNI	SALARIO BRUTO	SEG. SOCIAL	TOTAL
G. M. M.	78734698V	1421,39	465,51	1886,9

### PEÓNS ALBANEIS (2)

NOME E APELIDOS	DNI	SALARIO BRUTO	SEG. SOCIAL	TOTAL
M. P. G.	39451030G	1421,39	465,51	1886,9
J. M. R. F.	76811866P	1421,39	465,51	1886,9

### PEÓNS SINALIZACIÓN VIARIA (2)

NOME E APELIDOS	DNI	SALARIO BRUTO	SEG. SOCIAL	TOTAL
R. C. R.	50085216W	1421,39	465,51	1886,9
G. V. F.	35298137Z	1421,39	465,51	1886,9

### TÉCNICOS EN XESTIÓN FORESTAL E MEDIO NATURAL (2)

NOME E APELIDOS	DNI	SALARIO BRUTO	SEG. SOCIAL	TOTAL
M. C. D.	53110450T	1421,39	466,75	1888,13
A. M. J.	77010972ª	1421,39	466,75	1888,13



## Concello de Cangas

### TÉCNICO DE TURISMO (1)

NOME E APELIDOS	DNI	SALARIO BRUTO	SEG. SOCIAL	TOTAL
S. V. R.	53119474P	1421,39	466,75	1888,13

### AUXILIAR ADMINISTRATIVO (1)

NOME E APELIDOS	DNI	SALARIO BRUTO	SEG. SOCIAL	TOTAL
A. F. G.	52495528Y	1421,39	465,51	1886,9

### CONSERXE (1)

NOME E APELIDOS	DNI	SALARIO BRUTO	SEG. SOCIAL	TOTAL
M. J. F. P.	35292600C	1421,39	465,51	1886,9

### CONDUTOR (1)

NOME E APELIDOS	DNI	SALARIO BRUTO	SEG. SOCIAL	TOTAL
A. F. G.	52495528Y	1421,39	465,51	1886,9

### XARDINEIROS (5)

NOME E APELIDOS	DNI	SALARIO BRUTO	SEG. SOCIAL	TOTAL
J. M. B. G. (baixa IT 26/11/2015 ata 31/12/2015)	36156806R	1346,15	465,54	1811,69
R. M. P.	53114808B	1421,39	465,51	1886,9
S. R. G.	36095156Z	1421,39	465,51	1886,9
M. R. M.	32668389V	1421,39	448,45	1869,84
M. S. V.	78738646D	1421,39	465,51	1886,9

### PEÓNS AGRÍCOLAS (12)

NOME E APELIDOS	DNI	SALARIO BRUTO	SEG. SOCIAL	TOTAL
M. C. Á. Martínez	78733783E	1421,39	465,51	1886,9
M. J. A. Á.	36065763S	1421,39	465,51	1886,9
M. F. M.	52490369E	1421,39	465,51	1886,9
O. F. C.	78735287P	1421,39	465,51	1886,9
E. G. C.	78734457Y	1421,39	465,51	1886,9
M. T. J. M.	44079467J	1421,39	465,51	1886,9
D. L. H. (baixa IT 17/12/2015 ata 31/12/2015)	76804198E	1468,69	465,51	1934,20
M. Y. O. P.	76811180N	1421,39	465,51	1886,9
S. P. C.	36165372B	1421,39	465,51	1886,9
S. P. L.	78737476N	1421,39	465,51	1886,9
C. P. M.	76811255H	1421,39	465,51	1886,9
C. S. N.	39458429C	1421,39	465,51	1886,9

### Facer constar:

- Que toda a documentación queda a disposición da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Que se cumpriu coa finalidade da subvención.



## Concello de Cangas

- *Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican e que os servizos foron unha peza clave no funcionamento diario do noso Concello”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente a aprobación de conta xustificativa do II PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (PAM-2015) da Deputación Provincial de Pontevedra.

### **ESTATÍSTICA**

#### **10º.- INFORME DO DEPARTAMENTO DE ESTATÍSTICA S/REVISIÓN ANUAL DE VEHÍCULOS DE SERVICIO PÚBLICO**

Dáse conta de informe de data 10.02.2016 do departamento de Estatística referente a revisión anual de vehículos de servizo público, que é como segue:

#### **“INFORME DO DEPARTAMENTO DE ESTATÍSTICA**

**ASUNTO: REVISIÓN ANUAL DE VEHÍCULOS DE SERVICIO PÚBLICO**

Rematada a revisión anual dos vehículos de servizo público destinados ao transporte público de viaxeiros, modalidade A -auto-taxis- con taxímetro (14, 15 e 16 de decembro de 2015), comprobada a documentación actualizada necesaria para a súa explotación, tras reiterar mediante notificación a abrigo de identificar os vehículos co número da licenza municipal e finalizado o pagamento do padrón de autotaxis (15 de decembro de 2015), tanto en período voluntario como executivo, de todos os condutores dedicados a esta actividade, prestan servizo no Concello de Cangas as persoas e vehículos que se citan:

J. A. M.	35298703-M	3	0697-HHD
J. A. J. R.	78739397-R	4	7237-FPJ
J. T. B.	76803967-K	19	8668-HLF
F. S. G.	78736358-K	21	4488-FMY
Á. P. Á.	78731714-T	22	2663-HDC
M. C. C.	35275856-C	29	1256-DTM



## Concello de Cangas

J. C. V. D.	35311414-C	33	2437-DVR
J. M. D. C.	35295914-E	38	2023-GDF
SUSPENSIÓN TEMPORAL LICENZA		39	7172-FZP
J. M. N. M.	35307277-T	43	7559-HLY
M. P. N.	53116304-N	45	1016-FDV
M. H. D. R.	35273801-N	46	5273-FRS".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda tomar coñecemento do informe de Estatística transcrito anteriormente, referente a revisión anual de vehículos de servizo público.

### **CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

#### **11º.- APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE NINGURES PRODUCCIÓN SL E O CONCELLO DE CANGAS S/ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DUNHA ESCOLA DAS ARTES ESCÉNICAS (EXERCICIO 2016)**

Este punto foi deixado sobre a mesa, pendente da entrada en vigor do novo orzamento xeral do Concello de Cangas.

### **URXENCIAS**

#### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE FACENDA, URBANISMO E PATRIMONIO SOBRE REGULARIZACIÓN DE CEMITERIOS DO CONCELLO DE CANGAS**

Dáse conta de proposta do día 15.02.2016 do concelleiro de Facenda, Urbanismo e Patrimonio, referente a regularización de cemiterios do Concello de Cangas, que é como segue:

*"PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE FACENDA, URBANISMO E PATRIMONIO SOBRE REGULARIZACIÓN DE CEMITERIOS DO CONCELLO DE CANGAS*



## Concello de Cangas

*Visto o Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 237, en cuxa disposición adicional primeira se establece o procedemento extraordinario para a regularización de cemiterios municipais sen autorización sanitaria.*

*Interesando ao Concello a regularización sanitaria dos seguintes cemiterios de titularidade municipal: Aldán, Coiro, Hío, Darbo e Cangas.*

*Vista a instancia presentada polo propietario da ampliación do cemiterio de Darbo, F. P. B., en representación de CANTYCONS SL, en data 10.02.2016, rexistro de entrada nº 1584, solicitando a tramitación do correspondente expediente para obter a autorización sanitaria.*

*Visto canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

*PRIMEIRO.- Tramitar o procedemento extraordinario para a regularización de cemiterios municipais sen autorización sanitaria, previsto no Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 237, de conformidade co previsto na súa disposición adicional primeira e a documentación elaborada polos servizos técnicos municipais.*

*SEGUNDO.- Someter o expediente a información pública por período de dez días hábiles mediante anuncio publicado no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.*

*TERCEIRO.- Remitir o expediente, unha vez rematada a instrución á persoa titular da xefatura territorial da Consellería competente en materia de sanidade”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Facenda, Urbanismo e Patrimonio, referente a regularización de cemiterios do Concello de Cangas.

### **B) SOLICITUDE DE F. G. A. S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA REALIZACIÓN DO “I MERCADINHO DA CEGA”**

Dáse conta de escrito presentado o día 15.02.2016 por F. G. A., xerente do bar “RINCÓN”, e que no nome do colectivo “NO MEDIO E MEDIO”, solicitan autorización municipal para a realización do “I MERCADINHO DA CEGA” para o vindeiro día 20 de febreiro, coa venda de obxectos de segunda man.



## Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda autorizar ao Sr. G. A., en nome do colectivo "NO MEDIO E MEDIO", para a realización do "I MERCADINHO DA CEGA" para o vindeiro día 20 de febreiro, condicionándose a presente autorización á limpeza do contorno da rúa Cega onde se realice a ocupación, debendo deixar a rúa no estado que está na actualidade.

### **C) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/REGULACIÓN DO TRÁFICO**

Dáse conta de informe emitido o día 15.02.2016 pola Policía Local, referente a regulación de sentido único do Camiño de San Roque, que di o seguinte:

*"A Xefatura da Policía Local por medio do presente informe fai constar:*

*Que en resposta á solicitude de C. G. J. con rexistro de entrada núm. 1063 de data 29/01/2016, con relación á regulación do tráfico no Camiño Vello de San Roque, achégase ao presente informe deseño da proposta de regulación da circulación viaria do lugar, que implica a instauración de un único sentido de circulación desde o cruzamento coa Avda. de Vigo ata o cruzamento coa Avda. de Pontevedra.*

*Que o sentido de circulación proposto é Avda. de Vigo - Avda. de Pontevedra. Ademais da sinalización vertical proposta, deberase proceder á sinalización horizontal de delimitación do carril de circulación, zona de estacionamento, etc.*

*Que na entrada do vial deberá complementarse o anteriormente proposto coa instalación dun cartel de -zona perigosa- , limitación de velocidade a 30 km./hora".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente da Policía Local, referente a regulación de sentido único do Camiño de San Roque.

### **D) ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA S/APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTOS DE VEHÍCULOS FÓRA DE USO**

Visto o escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra en data do 12.02.2016 (R.E. núm. 1987 do 18.02.2016), no que achega borrador de convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para implantación do "SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE VEHÍCULOS FÓRA DE USO".



## **Concello de Cangas**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda:

Primeiro.- Aprobar o borrador do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para implantación do "SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE VEHÍCULOS FÓRA DE USO".

Segundo.- Facultar ao sr. Alcalde para a sinatura do referido convenio de colaboración.

### **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
o presidente